

PANAMESIANA TEATRO presenta

FICHA TÉCNICA

Mónica García: Tigre pequeno

Tomás Lijó: Oso pequeno

Petra Hofmann: León-peregrino, Lebre, Raposa, Vaca, Rato e Gansa

Dirección: Petra Hofmann

Texto: Janosch

Tradución: Petra Hofmann

Adaptación: Panamesiana Teatro

Vestuario: Petra Hofmann

Fotografías: Roberto Ribao

Rotulación: Javier Ramirez

Producción: Panamesiana Teatro

Distribución: Ana B. Triñanes

Duración: 50 minutos

www.panamesianateatro.com

678 034 593

Agradecementos:

Belén Brandido, Paco González, Luciana Hofmann,

Michael Hölter, Pancho Lapeña, Víctor Mosqueira,

Muiño de Louro, Xabier Olite, Rubén G. Pedrero,

Pepe Penabade, Urbaser, Guille Vázquez, Fran Veiga,

Viravolta Títeres e Berto Yáñez.



Versión de exterior con caravana / Versión de interior



Con Mónica García, Tomás Lijó e Petra Hofmann
Baseada na obra homónima de Janosch

OH, QUE BONITO É PANAMÁ!

Unha fermosa casiña-caravana é o fogar de **Oso pequeno** e **Tigre pequeno**, aló no bosque, á beira do lago. **Oso pequeno** pesca e cociña ricos manxares e **Tigre pequeno** recolle deliciosos cogomelos. Un día, **Oso pequeno** pesca unha misteriosa caixa con olor a plátano que leva inscrita a palabra 'Panamá' e deciden emprender viaxe. "En Panamá todo é máis bonito porque cheira a plátanos. E se hai plátanos non pasaremos fame, e quen non pasa fame non ten nada polo que preocuparse. Imos a Panamá".

O camiño é longo e nel atopan outros viaxeiros coma o León-peregrino que vai a Santiago. Para se guiaren contan coa axuda dos animais do bosque que os dirixen sempre á esquerda ata o destino final, o 'Panamá' do seus soños no que os agarda a súa fermosa casiña-caravana

O PROXECTO

Oh, que bonito é Panamá! nace coa chegada a Galicia da súa directora, a actriz alemá Petra Hofmann. A súa experiencia no teatro nacional alemán nunha montaxe deste conto, a súa peregrinaxe a Compostela en 2009 e o encontro cos outros membros da compañía, conflúen na idea de levar á escena en Galicia unha adaptación do texto de Janosch.

Iníciase o proxecto e xorde a idea de que os nosos protagonistas vivan nunha caravana, converténdoa nun auténtico teatro móbil que leve a **Oso** e a **Tigre** polas prazas de vilas e cidades. Diante da casa-caravana-escenario desprégase un céspede artificial no que senta o público infantil e arredor do que se desenvolve a acción.

Un xogo de teatro, monicreques, música e clown coa inocencia, a amizade, o respecto á natureza e a felicidade das pequenas cousas como protagonistas absolutos.

A DIRECTORA

Petra Hofmann dirixe *Oh, que bonito é Panamá!* ademais de darlle vida a seis das personaxes da obra (interpretando e manipulando bonecos). Diplomada como actriz na Escola de Arte Dramática de Munich, domina técnicas de clown, máscara e acrobacia con teas e trapecio. A súa traxectoria profesional comezou hai 16 anos no teatro alemán, onde participou en pezas de Brecht, Faust, Shakespeare ou Passolini; no cine e na televisión realizou traballos coma *Unha muller en todos os casos*, *A súa guerra, as mulleres...* ou *A vida é soño*.



O ELENCO



Mónica García: Tigre pequeno

Con 18 anos de profesión ás súas costas, Mónica García traballou con moitas das compañías profesionais galegas, desde Chêvere a Teatro do Adro ou o Centro Dramático Galego, pasando por Compañía Marias, Ollomoltranvía ou Factoría Teatro. O cine tamén contou co seu traballo en filmes coma *Os luns ao sol*, *One day in Europe*, *Para que non me esquezas* ou *O lapis do carpinteiro*. E a televisión galega converteuna nun dos rostros máis populares de Galicia a través da camareira 'Mónica' en *Pratos combinados* e logo como protagonista de *Valderrei*. Conta con dous premios María Casares á mellor actriz secundaria e un premio Agapi á mellor intérprete feminina.

Tomás Lijó: Oso pequeno

O primeiro traballo como actor chegoulle a Tomás Lijó co programa de cámaras de rúa Televisión Total da Televisión de Galicia, logo seguiu un papel na teleserie da mesma canle *Un mundo de historias*. Foi co-autor, co-director e intérprete da curta *O meu nome, o meu mundo*, seleccionada polo Festival de Cine e Video de Nova York. A esta seguironlle a curta de animación *O raio transparente*, onde lle puxo voz a 'Leandro' e *Instalación*, na que encarnou a 'Emilio'. No cine traballou como actor secundario do filme *Agallas* de Continental e Zebra Producciones.

